



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Seminario Acadando os obxectivos de Lisboa: as rexións e municipalidades como impulsoras do crecemento e do emprego.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	10
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2007
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Na primavera de 2005, a Estratexia de Lisboa da UE para «converterse na economía baseada no coñecemento máis dinámico e competitivo do mundo» foi revisada en profundidade polos seus membros co fin de valorar e, se for o caso, axustar os obxectivos e os mecanismos chave para levala a cabo. Tan ambiciosa estratexia abrangue 24 directrices integradas que se clasifican nos seguintes ámbitos: macroeconómicas, microeconómicas e de emprego. Esta revisión a medio prazo, que se realizou nun momento crucial da historia europea (i.e. tras a adhesión dos outros dez estados membros), pretende reimpulsar este importante proceso que botou a andar en marzo de 2000 durante a presidencia portuguesa.

Actualmente, todas as novas iniciativas europeas son postas en marcha de acordo con estas 24 directrices integradas. Así pois, tanto as previsións económicas para o período 2005-2007, como o portal Web A túa Europa ou a iniciativa 2010, o novo Programa marco para a competitividade e a innovación (CIP), o Programa de acción comunitaria para combater a discriminación e fomentar a igualdade de oportunidades e tamén o Ano europeo da mobilidade dos traballadores, todos eles comparten xa un obxectivo común: impulsar o crecemento e o emprego. Con todo, o aumento da «competitividade» e o traballo conxunto para o crecemento e o emprego, é unha responsabilidade común a todos os niveis de goberno, desde o nacional ata o local. De feito, os impactos tanto positivos como negativos sobre o crecemento das empresas e o emprego poden sentirse máis intensamente no nivel local e rexional. Como resultado, hai unha necesidade clara de aumentar as accións nestes niveis. Neste sentido, é moi importante debater o papel dos actores rexionais e locais no cumprimento da Estratexia de Lisboa.

A conexión entre a Estratexia de Lisboa e os entes rexionais e locais gaña aínda máis relevancia cando o Regulamento xeral (2007-2013) para os instrumentos europeos de cohesión dispón unha nova concentración do gasto de cohesión para cuestións comúns (tales como o aspecto da innovación e a investigación), gasto que representa o 60% para as rexións do obxectivo de converxencia, como é o caso de Galicia, e o 75% para as rexións do obxectivo de competitividade rexional e emprego.

Este seminario pretende, pois, ser un foro de debate sobre as políticas e as prácticas que os diversos actores rexionais e locais deben desenvolver para acadar os obxectivos da Estratexia de Lisboa, afondando nos retos e nas perspectivas desta estratexia para Galicia.

DESTINATARIOS

Este seminario está aberto a un amplo grupo de persoas, que inclúe os representantes e responsables políticos das institucións rexionais e locais de Galicia e os funcionarios de administracións públicas de Galicia que tratan coas políticas e instrumentos que promoven e apoian as empresas da súa comunidade autónoma. Ademais, están invitados a asistir expertos do mundo académico (universidades, think-tanks, etc.) e do sector privado (organizacións empresariais, cámaras de comercio, etc.) e interesados en xeral.

PROGRAMA

Xoves, 21 de xuño

MAÑÁ

09:30 Inscripción dos participantes e entrega da documentación

10:00 Inauguración

Antonio Izquierdo Escribano, director da EGAP

Introdución ao programa e aos seus obxectivos

Alexander Heichlinger, coordinador do Seminario, Senior Lecturer & Project Leader, Instituto Europeo de Administración Pública-Centro Europeo das Rexións (IEAP-CER) de Barcelona

I. Establecemento das bases de Lisboa

10:30 Discurso de apertura: O proceso de Lisboa, ¿onde estamos?

Moderador: Eduardo Ballarín, profesor da escola de negocios IESE, Madrid; titular da cátedra Nissan de Estratexia Corporativa e Competitividade Internacional, director do International Center for Competitiveness, Madrid.

11:15 As rexións e municipalidades como impulsoras do crecemento e o emprego (discusión e presentación dos resultados/recomendacións das presidencias finesa e alemá)

Alexander Heichlinger, co-autor do informe sobre a Estratexia de Lisboa para a reunión do "HLG on Governance and the EU" baixo a presidencia finesa, Barcelona.

12:00 Pausa-café

II. As directrices integradas para o crecemento, o emprego e as rexións: unha revisión da realidade

12:30 Coñecemento e innovación para o crecemento. Políticas e prácticas innovadoras no primeiro pilar

Sascha Haselmayer, director e cofundador de Interlace-Eventos e Living Labs Europe, Barcelona.

13:30 Un lugar máis atractivo para investir e traballar: factores de éxito fundamentais para unha rexión emprendedora. Políticas e prácticas innovadoras no segundo pilar

Juan José Duque, subdirector xeral de Innovación, SPRI (Sociedade para a Promoción e Reconversión Industrial), Goberno Vasco, Bilbao.

14:30 Fin da sesión da mañá

TARDE

16:30 Como crear mellores postos de traballo: a combinación da seguridade no mercado laboral coa dinámica nos negocios. Políticas e prácticas innovadoras no terceiro pilar

José Vázquez Portomeñe, secretario xeral da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia

17:30 Debate

18:00 Fin do primeiro día

Venres, 22 de xuño

MAÑÁ

III. Os obxectivos da Estratexia de Lisboa: retos e perspectivas para Galicia

09:30 Presentación dos relatores e introdución á sección

Manuel Jaime Barreiro Gil, profesor de Historia e Institucións Económicas e ex-decano da facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela

10:00 As rexións e os instrumentos de cooperación territorial na política de cohesión europea : o espazo eurorrexional Galicia-Norte de Portugal

Jorge Pueyo Losa, catedrático de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais e titular da cátedra Jean Monnet de Institucións e Dereito da Unión Europea da Universidade de Santiago de Compostela

10:45 Os retos do sistema urbano na súa proxección transfronteiriza

Luís Domínguez Castro, profesor de Historia Contemporánea, director do Centro Europeo de Excelencia Jean Monnet, titular da cátedra Jean Monnet de Historia da Construción Europea e ex-decano da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo

11:30 Pausa café

12:00 Galicia ante a Estratexia de Lisboa: unha avaliación a medio camiño

Fernando González Laxe, ex-presidente da Xunta de Galicia e catedrático de Economía Aplicada da Universidade da Coruña

12:45 Poderá Galicia superar con éxito os desafíos da Estratexia de Lisboa?

Aureliano García González-Llanos, director xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios da Xunta de Galicia

13:30 Debate

14:30 Clausura

Antonio Izquierdo Escribano, director da EGAP

Eduard Sánchez Monjo, director do Instituto Europeo de Administración Pública-Centro Europeo das Rexións (IEAP-CER) de Barcelona

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas: limitado á capacidade do local.

3. DATOS EDICIÓNS**ACORUÑA**

LOCALIDADE: A Coruña

INICIO / FIN: 21/06/2007 a 22/06/2007

NUM. PRAZAS: 260

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Centro Social e Financeiro Caixanova. Avda. da Marina, esquina rúa da Fama. A Coruña.